

A condicionalidade e medidas para evitar o deterioro dos hábitats. Fosas esterco/xurro

Boas condicións agrarias e medioambientais (BCAM)

1. Introducción:

A reforma da PAC do ano 2003 introduce a obriga, a partir do ano 2005, de que os agricultores cumpran determinadas normas referentes ás boas condicións agrarias e medioambientais, ao medio ambiente, á saúde pública, zoonosidade e fitosanidade e, ao benestar dos animais. O conxunto destas obrigas denomínase condicionalidade.

De seguido indícanse as **obrigas máis salientables** da condicionalidade para evitar o deterioro dos hábitats, e en concreto, no que atinxe ás fosas de esterco/xurro, dentro do ámbito das Boas Condicións Agrarias e Medioambientais.

2. Qué debe facer vostede para cumprir coas condicións referentes ás fosas de esterco/xurro:

- As explotacións gandeiras en estabulación permanente ou semipermanente disporán de depósitos de almacenamento de esterco estancos de capacidade suficiente, ou da xustificación do sistema de retirada dos estercos e/ou xurros da explotación.



3. Recomendacións á hora de construír as fosas:

A continuación expóñense as principais recomendacións que vostede debería ter en conta á hora de construír unha fosa de esterco ou xurro respecto aos plans de mellora existentes na actualidade. Tendo en conta estas recomendacións, **facilitará o cumprimento** dos requisitos da condicionalidade ao respecto.

- Os muros e o fondo da fosa serán impermeables.
- A fosa estará provista dunha parede perimetral de 1,30 m de alto sobre o nivel do solo, e dunha malla ata os 2,30 m de altura.
- Os accesos para a extracción do xurro levarán portas que se pecharán inmediatamente despois de ser utilizadas.
- As dimensións da fosa para gando vacún, e para un período de 6 meses será:

Animal	UGM (a)	Nº cabezas (b)	Manexo mixto (c)	Manexo estabulado (d)	Total m ³
Vaca	1,00	N	4,5	9	a x bxc , ou a x bd
Xovenca	0,60	N	4,5	9	a x bxc , ou a x bd
Xatos	0,30	N	4,5	9	a x bxc , ou a x bd



Imaxes de depósitos esterco/xurro en bo estado



Imaxes de mala xestión dos xurros e esterco da explotación

- As dimensións da fosa para gando porcino, e para un período de 3 meses será:

Animal	Nº prazas (a)	m ³ /praza (b)	Total m ³
Porcos cebo	N	0,54	a xb
Porcos cido pechado	N	4,44	a xb
Porcos cido aberto sen recría	N	0,63	a xb
Porcas cido aberto con recría ata 20 kg.	N	1,53	a xb

4. Lembre que:

No caso de que a Administración detecte que vostede non cumpriu con algunha das obrigas da condicionalidade ou considere que vostede non colaborou ca inspección, as axudas da PAC que percibe pódense ver reducidas e, en casos extremos incluso anuladas.

5. Información adicional:

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade pode solicitala nas oficinas agrarias comarcais e nos servizos provinciais do FOGGA.

